



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/001019

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases reguladoras e da convocatoria do Mercado Modernista 2026).

### ANTECEDENTES

- Expediente de tramitación núm. 2026/X999/000345 co obxecto de convocar dunha nova edición do Mercado Modernista, no marco da XV Feira Modernista de Sada.
- Informe-proposta de motivación da convocatoria.
- Bases reguladoras da participación no Mercado Modernista 2026.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**Primeiro.-** aprobar as bases reguladoras que rexerán o funcionamento do Mercado Modernista, que se reproducen en anexo, e proceder á súa convocatoria dentro do programa de actividades da XV Feira Modernista de Sada.

**Segundo.-** aprobar o modelo de solicitude que se inclúe como anexo e ordenar a apertura do prazo de solicitude a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal ([sede.sada.gal](https://sede.sada.gal)).

**Terceiro.-** informar de que as autorizacións para este mercado non estarán suxeitas á aplicación de taxas das ordenanzas municipais dado que se trata dun acto organizado polo Concello de Sada.

**Cuarto.-** publicar as bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipal, co texto que se reproduce en anexo.

**Quinto.-** contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, pode Vde. interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante as Seccións do contencioso-administrativo dos Tribunais de Instancia da Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderá exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

ANEXO: BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE POSTOS NO MERCADO MODERNISTA 2026, A CELEBRAR DENTRO DO MARCO DA XV FEIRA MODERNISTA, OS DÍAS 31 DE XULLO, 1 E 2 DE AGOSTO

## 1. OBXECTO

Estas bases reguladoras teñen por obxecto establecer o procedemento, criterios de valoración e condicións da concesión de postos para exercer a venda ambulante dentro do mercado da XV Feira Modernista de Sada.

A Concellería de Cultura pretende con esta convocatoria ofertar publicamente **24 postos no mercado**, coas seguintes categorías e conceptos:

- 22 postos para venda de produtos de artesanía, antigüidades, oficios tradicionais ou venda de alimentos artesáns ou ecolóxicos.
- 1 posto destinado a bebidas e coctelería.
- 1 posto destinado a repostería e/ou xadería.

O Mercado Modernista propónse como elemento reforzador da oferta de contidos culturais e de lecer do programa da XV Feira Modernista, a celebrar os vindeiros 31 de xullo, 1 e 2 de agosto.

A actividade contribúe a desenvolver as competencias municipais no eido da promoción cultural e da ocupación do tempo libre, así como as de organización de feiras, mercados e comercio ambulante ou as de promoción da actividade turística no ámbito municipal, recollidas no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán presentar solicitudes as persoas físicas e xurídicas que teñan capacidade de obrar no ámbito da venda ambulante ou dos sectores de actividade descritos, que se comprometan a ambientar e decorar os seus postos con elementos que evoquen os principios estéticos do movemento artístico modernista, e que se impliquen na recreación do espírito e os costumes sociais contemporáneos da mesma.

As persoas autorizadas a realizar a venda ao público nos postos do Mercado Modernista deberán caracterizarse e empregar unha vestimenta que axude a recrear e evocar a época e os principios estéticos do movemento modernista.

## 2. NORMATIVA APLICABLE

- a. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- b. Ordenanza municipal núm. 16, reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreo de uso público, industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica (BOP núm. 183 do 09.08.2008)
- c. Ordenanza municipal non fiscal reguladora da venda ambulante (BOP núm. 236 do 13.12.2023)

## 3. REQUISITOS PARA PARTICIPAR



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Poderán presentar solicitude de participación as persoas físicas ou xurídicas que acrediten o capacidade para desenvolver actividades compatibles co obxecto do mercado, como son a venda de produtos artesanais, a venda polo miúdo ou a elaboración e venda de alimentación.

A participación implicará o compromiso de caracterizar a vestimenta e decorar os postos segundo a temática da feira. Para acreditar capacidade, deberán estar dados da alta no IAE (modelo 036) en calquera dos epígrafes que lle permita a venda de produtos artesanais ou o comercio minorista ou cumprir cos requisitos legais para realizar a actividade que corresponda.

As persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos esixidos na Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante, que se detallan na base 5. Ademais, no caso de que se reciba un número de solicitudes superior ao número de postos convocados, as solicitudes deberán pasar un proceso de baremo e selección, aplicando os criterios descritos no punto 6 destas bases.

A actividade do Mercado Modernista non estará suxeita ao pago de taxas, con base ao que establece o artigo 2.2.a) da Ordenanza Municipal núm. 16.

#### 4. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- As bases reguladoras publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de Sada ([www.sada.gal](http://www.sada.gal))
- O prazo de presentación das solicitudes comezará ás 09:00h do 6 de xullo e rematará ás 23:59 do 12 de xullo de 2026
- As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de xeito telemático a través dun formulario creado a tal efecto que será publicado na páxina web do Concello de Sada ([www.sada.gal](http://www.sada.gal))
- O persoal do departamento de cultura instruirá as solicitudes. No caso de solicitudes incompletas ou que non reúnan os requisitos establecidos, o Concello de Sada publicará na mesma páxina web a relación íntegra de solicitudes recibidas indicando aquelas que deban aportar documentación. Disporán dun prazo máximo de emenda de 5 días hábiles contados a partir da data de publicación do requerimento, acurtado para este procedemento debido á facilidade de obtención da documentación necesaria. No caso de non responder ao requirimento, entenderase o desestimento da solicitude.
- As solicitudes recibidas que cumpran todos os requisitos á finalización do prazo de solicitude e de emenda proporanse para aprobación. As solicitudes incorrectas ou incompletas á finalización deste prazo serán denegadas.

#### 5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NO PROPIO FORMULARIO DE SOLICITUDE

- a. DNI ou NIF
- b. Certificado de situación censual
- c. Alta de autónomos e copia do último recibo mensual



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- d. Copia da póliza de seguro de RC e copia do xustificante bancario do pago do último recibo
- e. Carné de manipulador de alimentos (no seu caso)
- f. Carta de artesán ou marca de artesanía (no seu caso)

## 6. PROCESO DE SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

O persoal da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) será o encargado de instruír os expedientes, comprobar que se cumpran os requisitos esixidos e requirir as emendas en caso necesario (base 4ª). Tamén formulará a proposta da listaxe de solicitudes que se propoñen para autorización, así como as posibles solicitudes que se propoñan para denegación, polos motivos que correspondan.

Si se recibise un número de solicitudes maior que o de postos ofertados, realizarase un proceso de selección. Os criterios de valoración xirarán en torno á necesidade de cumprir cos obxectivos de ambientar e evocar a época, recrear uns principios artísticos, aportar interese estético e promover a actividade artesanal.

Algúns criterios son de aplicación e puntuación directa. Nos restantes casos, a valoración realizarase seguindo unha rúbrica común, en función do grao de consecución do criterio (conseguido de forma insuficiente [INS], suficiente [SUF], notable [NOT], sobresaliente[SOB]):

- a) Criterios de selección para a categoría de postos destinados a venda de artesanía, antigüidades e produtos de alimentación artesanal:

CRITERIOS POSTOS DE ARTESANÍA (22 postos)	PUNTUACIÓN (máx.100)			
Os produtos presentados recuperan oficios tradicionais	20			
Presentan á venda antigüidades, obxectos valiosos por representar un período pasado, artesanía con valor cultural, de singularidade ou de coleccionismo	20			
Axuste á temática modernista na proposta de ambientación do posto e na relación dos produtos coas características do Modernismo nas artes decorativas	INS	SUF	NOT	SOB
	5	10	15	20
Elaboración manual, artesanal e tradicional dos produtos presentados	5	10	15	20
Proposta de dinamización complementaria, obradoiros, demostracións en vivo e exhibición do traballo de confección	5	10	15	20

- b) Criterios de selección para a categoría do posto destinado a bebidas-coctelería:

CRITERIOS POSTO DE BEBIDA - COCTELERÍA (1 posto)	PUNTUACIÓN (máx.80)			
	INS	SUF	NOT	SOB



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Coherencia da proposta coa temática modernista: estilo dos cócteles, presentación inspirada na época, carta de produtos temática	5	10	15	20
Orixinalidade das receitas propostas: fórmulas únicas, fusiões temáticas innovadoras, reinterpretación de receitas clásicas	5	10	15	20
Calidade estética da presentación e da proposta de ambientación do posto	5	10	15	20
Proposta de dinamización complementaria: demostracións, presentación da historia das receitas, valor engadido para o público visitante	5	10	15	20

c) Criterios de selección para a categoría do posto destinado a repostería e/ou xadería:

CRITERIOS POSTO DE REPOSTERÍA / XADERÍA (1 posto)	PUNTUACIÓN (máx.80)			
	INS	SUF	NOT	SOB
Vinculación temática con receitas ou con presentación de elaboracións inspiradas na época modernista	5	10	15	20
Carácter artesanal na elaboración e no uso de ingredientes: <i>elaboración manual, redución de procesos industriais.</i>	5	10	15	20
Calidade estética da presentación e visual dos produtos e da proposta de ambientación do posto: <i>estética, envasado, cores.</i>	5	10	15	20
Proposta didáctica para a difusión da cultura gastronómica da época: <i>recuperación de receitas antigas, degustacións comentadas</i>	5	10	15	20

**Nota:** A puntuación dos diferentes criterios é acumulable.

**En caso de empate:** tomarase a orde de entrada da última documentación presentada que servise para completar a solicitude.

**Orde de prelación:** Adxudicaranse os postos entre as solicitudes que acaden a mellor puntuación, ata ocupar as prazas dispoñibles en cada categoría.

**Lista de agarda:** Establecerase unha listaxe de agarda na que quedarán incluídas as solicitudes que quedasen sen posto despois de aplicar os criterios anteriores, ordenadas segundo a puntuación recibida.

Aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos das bases serán excluídas de forma motivada.

## 7. AUTORIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS

A listaxe definitiva de postos asignados publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

web do Concello de Sada ([www.sada.gal](http://www.sada.gal))

Unha vez rematado o procedemento de instrución das solicitudes recibidas, a Concellería de Cultura propondrá a relación de solicitudes correctas ordenadas de maior a menor puntuación. Con base nesta proposta, a Alcaldía resolverá a adxudicación dos postos segundo a orde de prelación, denegando as solicitudes que corresponda de xeito motivado.

As categorías de coctelería e de repostería/xeadaría teñen un tratamento específico, xa que unicamente se poderá adxudicar como máximo 1 posto para cada un destes conceptos. Nestes casos recorrerase á lista de agarda unicamente si desistise algunha das adxudicatarias.

De existir algunha vacante nas categorías de coctelería e repostería/xeadaría por non recibir solicitudes suficientes, ofertaranse os postos vacantes a aquelas solicitudes de postos de artesanía que quedasen na lista de agarda segundo a orde de prelación.

A resolución definitiva porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición contra o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución definitiva.
- Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución definitiva. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata a súa resolución, expresa ou por silencio administrativo.

## 8. DESENVOLVEMENTO DO MERCADO

O Mercado Modernista enmárcase dentro da programación da Feira Modernista que organiza a Concellería de Cultura. O mercado inclúese como unha das actividades ofertadas para aportar contidos de interese ao programa de celebración.

O Concello aportará unha carpa de 3 x 3 m. para cada unha das persoas que resulten autorizadas nesta edición.

As persoas autorizadas terán un tempo para a montaxe do seu posto e para dispoñer a exposición dos seus produtos. Para realizar estas tarefas de montaxe dos postos de venda, poderán acceder cos seus vehículos á zona de organización, nos xardíns do paseo marítimo, a carón do edificio modernista La Terraza. Os vehículos deberán ser retirados unha vez rematada a descarga de material.

Será por conta das persoas participantes a decoración interior dos postos e o uso dun vestiario que siga a temática modernista, como motivo principal da celebración.

Cada posto disporá de subministración eléctrica con varios enchufes e cunha lámpada cenital.

As persoas/empresas autorizadas deberán respectar integramente o horarios establecidos, segundo se describe a continuación:

- a. Horarios de montaxe



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- Venres 31 de xullo: montaxe dende as 11:00h ata as 16:00h (imprescindible cingirse ao horario establecido)
- b. Horarios do mercado (aplicable ás catro categorías ofertadas)
- Venres 31 de xullo: apertura de 17:00 a 23:00h \*
  - Sábado 1 de agosto: apertura de 12:00 a 23:00 h \*
  - Domingo 2 de agosto: apertura de 12:00 a 23:00 h \*

\* O horario de peche poderá ampliarse de xeito voluntario ata a finalización das actividades musicais programadas.

c. Vixilancia nocturna

O Concello ofrecerá un servizo de vixilancia na zona do mercado para garantir a seguridade dos postos de venda. O servizo estará operativo entre as 23:00h do venres 31 e as 12:00h. do sábado 1, así como entre as 23:00h do sábado 1 e as 12:00h do domingo 2 de agosto. A organización non se responsabilizará da vixilancia dos postos fóra dese horario.

d. Desmontaxe

As persoas participantes deberán desmontar os seus postos inmediatamente despois da finalización do mercado, e deixar o espazo público nas condicións de uso e limpeza iniciais. Poderán achegar os seus vehículos ata a zona, dentro do Paseo Marítimo, a partires das 23:00h do domingo 2 de agosto.

## 9. OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

A presentación da solicitude de participación constitúe un compromiso por parte das persoas solicitantes de aceptar e acatar as normas específicas do Mercado Modernista de Sada 2026, establecidas nas presentes bases, así como, as disposicións concretas que estableza a organización para o bo desenvolvemento da Feira.

## 10. PROTECCIÓN DE DATOS

Para participar nesta actividade é necesario presentar documentación con certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para a organización da convocatoria. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da tramitación da convocatoria ata a súa finalización.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e segundo as condicións reguladas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar xestións relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

[dpd@sada.gal](mailto:dpd@sada.gal).

## 11. DISPOSICIÓN FINAL

A organización resérvase o dereito a dar por finalizada a actividade en calquera posto que non se adapte aos requisitos establecidos nesta convocatoria.

O envío da solicitude supón o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Sada, na data da sinatura dixital  
O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

### ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO MODERNISTA 2026

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA PERSOA/ENTIDADE SOLICITANTE:	
DNI/NIF:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
NOME DO POSTO DE VENDA:	
CATEGORÍA DE VENDA:	<input type="checkbox"/> POSTO DE ARTESANÍA
	<input type="checkbox"/> POSTO DE COCTELERÍA
	<input type="checkbox"/> POSTO DE XADERÍA / REPOSTERÍA
POSTOS DE VENDA DE ARTESANÍA:	
DESCRICIÓN DOS PRODUTOS OFERTADOS:	
PORCENTAXE DE PRODUTOS DE ELABORACIÓN ARTESANAL:	
PORCENTAXE DE PRODUTO DE REVENDA:	
CARNÉ/CARTA DE ARTESANÍA:	SI / NON
POSTOS DE COCTELERÍA:	
DESCRICIÓN DA DECORACIÓN DO POSTO:	
DESCRICIÓN DOS CONTIDOS DA PROPOSTA NO QUE SE REFIRE Á COCTELERÍA:	
OUTROS ASPECTOS DA PROPOSTA QUE APORTAN UN VALOR ENGADIDO:	



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

POSTOS DE XEADERÍA / REPOSTERÍA:	
DESCRICIÓN DA DECORACIÓN DO POSTO:	
DESCRICIÓN DOS CONTIDOS DA PROPOSTA NO QUE SE REFIRE Á COCTELERÍA:	
OUTROS ASPECTOS DA PROPOSTA QUE APORTAN UN VALOR ENGADIDO:	

### SOLICITA

Participar no Mercado Modernista o que terá lugar nos vindeiros días 31 de xullo, 1 e 2 de agosto de 2026. Como solicitante manifesto coñecer as Bases de participación e comprométo-me a cumprilas, así como a cumprir coa normativa laboral e coa normativa específica da miña actividade económica.

Asdo.

En Sada, a                    de                    de 2026.

**\* A solicitude acompañarase da documentación requirida no punto 5 das bases reguladoras.**